

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

11637 *Orde ESS/2098/2014, do 6 de novembro, pola que se modifica o anexo da Orde do 27 de decembro de 1994 pola que se aproba o modelo de recibo individual de salarios.*

Esta orde ten por obxecto aprobar un novo modelo de recibo individual xustificativo do pagamento de salarios, para dar cumprimento especificamente ao previsto no segundo parágrafo do artigo 104.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que foi engadido, con efectos do 1 de xaneiro de 2013, pola disposición adicional vixésimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

O referido artigo 104.2 da Lei xeral da seguridade social determina o seguinte:

«O empresario descontaralles aos seus traballadores, no momento de facerlles efectivas as súas retribucións, a achega que corresponda a cada un deles. De non efectuar o desconto no dito momento non poderá realizalo con posterioridade e quedará obrigado a ingresar a totalidade das cotas ao seu exclusivo cargo.

Nos xustificantes de pagamento das ditas retribucións, o empresario deberá informar os traballadores da contía total da cotización á Seguridade Social indicando, de acordo co establecido no artigo 103.2, a parte da cotización que corresponde á achega do empresario e a parte correspondente ao traballador, nos termos que regulamentariamente se determinen.»

Ata o de agora, nos recibos de salarios dos traballadores unicamente constaban a base de cotización e o tipo de retención correspondentes á achega do traballador, pero non a determinación da achega do empresario. En consecuencia, e ao abeiro do previsto no artigo 29.1 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, que indica que «o recibo de salarios se axustará ao modelo que aprobe o Ministerio de Traballo e Seguridade Social» (hoxe de Emprego e Seguridade Social), procédese á modificación do anexo da Orde ministerial do 27 de decembro de 1994, pola que se aproba o modelo de recibo individual de salarios.

No proceso da súa tramitación, a orde foi sometida ao informe previo das administracións públicas implicadas, así como á consulta dos interlocutores sociais.

Na súa virtude, en uso das facultades conferidas, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. Modificación da Orde ministerial do 27 de decembro de 1994 pola que se aproba o modelo de recibo individual de salarios.

O anexo da Orde do 27 de decembro de 1994, pola que se aproba o modelo de recibo individual de salarios, queda modificado nos seguintes termos:

Empresa:
Domicilio:
CIF:
CCC:

Traballador:
NIF:
Núm. afil. Seguridade Social:
Grupo profesional:
Grupo de cotización:

Período de liquidación: do de de de de 20.... Total días

I. DEVINDICACIÓNS	IMPORTE	TOTAIS
1. Percepcións salariais		
Salario base	_____	
Complementos salariais		
.....	_____	
.....	_____	
.....	_____	
Horas extraordinarias	_____	
Horas complementarias (contratos a tempo parcial).....	_____	
Gratificacións extraordinarias.....	_____	
Salario en especie.....	_____	
2. Percepcións non salariais		
Indemnizacións ou suplidos		
.....	_____	
Prestacións e indemnizacións da Seguridade Social		
.....	_____	
Indemnizacións por traslados, suspensións ou despedimentos		
.....	_____	
Outras percepcións non salariais		
.....	_____	
A. TOTAL DEVINDICADO.....	_____	_____
I. DEDUCIÓNS		
1. Achega do traballador ás cotizacións á Seguridade Social e conceptos de recadación conxunta		
%		
Continxencias comúns	_____	
Desemprego.....	_____	
Formación profesional.....	_____	
Horas extraordinarias.....	_____	
TOTAL ACHEGAS.....	_____	_____
2. Imposto sobre a renda das persoas físicas.....	_____	
3. Anticipos.....	_____	
4. Valor dos produtos recibidos en especie	_____	
5. Outras	_____	
DEDUCIÓNS.....	_____	
B. TOTAL A DEDUCIR.....	_____	_____
LÍQUIDO TOTAL A PERCIBIR (A – B).....	_____	_____
 de de 20.....	
Sinatura e selo da empresa		RECIBO

DETERMINACIÓN DAS BASES DE COTIZACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL E CONCEPTOS DE RECADACIÓN CONXUNTA E DA BASE SUXEITA A RETENCIÓN DO IRPF E ACHEGA DA EMPRESA

CONCEPTO	BASE	TIPO	ACHEGA EMPRESA
1. Continxencias comúns			
Importe remuneración mensual.....	_____		
Importe pro rata pagas extraordinarias.....	_____		
TOTAL.....	_____		_____
2. Continxencias profesionais e conceptos de recadación conxunta....			
AT e EP.....	_____		_____
Desemprego.....	_____		_____
Formación profesional....	_____		_____
Fondo Garantía Salarial.	_____		_____
3. Cotización adicional horas extraordinarias...	_____		_____
4. Base suxeita a retención do IRPF.....	_____		_____

Disposición transitoria única. *Adaptación ao novo modelo de recibo individual xustificativo do pagamento de salarios.*

No prazo de seis meses a partir da data de entrada en vigor desta orde, as empresas adaptarán ao novo modelo que se aproba os modelos de recibo de salarios que viñan utilizando conforme o disposto no artigo 1 da Orde do 27 de decembro de 1994.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral sen prexuízo da súa execución polas comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de aplicación.*

Facúltase a Secretaría de Estado de Emprego para ditar as disposicións necesarias para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 6 de novembro de 2014.–A ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez García.